


# 1. MODERNIZACIÓN E CALIDADE



1. MODERNIZACIÓN E CALIDADE		
1.1. CONSEGUIR UNHA XESTIÓN BASEADA NUN MODELO DE EXCELENCIA		
Obxectivos operativos	Accións/liñas de acción	
1.1.1. Promover a implantación da <b>dirección estratéxica</b> en todas as áreas de xestión	A1111	Establecer un sistema de seguimento e avaliación da estratexia de xestión que teña como instrumento o cadro de mando integral
	A1112	Organizar a difusión do Plan operativo de xestión e da cultura de dirección estratéxica e calidade mediante a organización de actos de difusión das mellores prácticas, participación en eventos externos, integración nas accións formativas etc.
	A1113	Establecer progresivamente un sistema de dirección por obxectivos e resultados estratéxicos e operativos coas perspectivas de calidade, rendemento, custos, desenvolvemento persoal, tecnolóxico e organizativo
	A1114	Crear o ámbito de control de xestión para elaborar os cadros de mando que dean soporte á toma de decisións e á dirección por obxectivos e, en xeral, coordinar a dispoñibilidade de información de uso interno e externo da Universidade
1.1.2. Identificar e anticipar as <b>necesidades dos usuarios</b>	A1121	Definir e establecer a carteira/panel de servizos que debe prestar a Xerencia, que inclúa a lóxística, o mantemento, os servizos xerais e, en xeral, todas as actividades de soporte, así como darlle a necesaria difusión e accesibilidade
1.1.3. Establecer un <b>Sistema de Calidade</b> para identificar, racionalizar e controlar os diferentes procesos de xestión da Universidade	A1131	Reorganizar os procesos de prestación de servizos e de xestión establecendo protocolos de actuación e mellorando a coordinación entre ámbitos
	A1132	Implantar programas e accións de mellora en cada unha das unidades, dando os apoios necesarios para a súa execución (cartas de servizo, guías de acollida, enquisas de satisfacción, grupos de mellora etc.)
	A1133	Definir e implantar o sistema integrado de calidade de xestión baseado nas normas ISO e no modelo EFQM, cunha progresiva certificación dos procesos de xestión
1.1.4. Mellorar a xestión <b>económico-financiera</b> para gañar eficiencia e axilidade	A1141	Deseñar e establecer un sistema de elaboración e seguimento do orzamento e rendición de contas, que mellore o actual de cara ao seu aliñamento coas estratexias da Universidade e unha maior eficacia na súa execución
	A1142	Elaborar un plan de control interno que determine a forma de control de todos os actos de contido económico, que introduza de forma progresiva e ordenada o control financeiro e a participación no deseño dos procedementos que eviten as irregularidades e de
	A1143	Deseñar e establecer un sistema de xestión do inventario do inmovilizado que facilite unha xestión coordinada e eficiente desde o punto de vista patrimonial, contable, do investimento e do seu mantemento
	A1144	Elaborar un proxecto de contabilidade analítica que sirva de soporte á toma de decisións e á xestión do orzamento
	A1145	Establecer un sistema de compras universitario que introduza sistemas de racionalización da contratación, a planificación das compras, a participación dos profesionais e un contorno tecnolóxico axilitado, que facilite a concorrencia, transparencia e eficacia
1.1.5. Contribuír ás <b>políticas de infraestructuras</b> que estableza a Universidade	A1151	Establecer sistemas de coordinación para unha axelitada xestión da seguridade e da saúde
	A1152	Establecer un sistema de coordinación para unha axelitada xestión dos investimentos que dea lugar á elaboración dun plan de investimentos
	A1153	Colaborar na elaboración e establecemento dun programa de mantemento de equipamento.
1.1.6. Contribuír ás <b>políticas de responsabilidade social</b> que estableza a Universidade	A1161	Elaborar un documento que adapte e integre no ámbito da xestión as políticas de responsabilidade social desenvolvidas pola Universidade.
	A1162	Integrar criterios sociais na contratación pública que teñan en conta aspectos como igualdade de oportunidades, do medio natural, de seguridade e saúde laboral, comercio xusto, e valorar estes elementos na selección de empresas e ofertas dentro do marco
	A1163	Participar e colaborar na elaboración de plans de xestión ambiental responsable e de sensibilización da comunidade universitaria